



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 – 695567 y 69 56 63 Fax: 981-695579

E-mail: correo@frades.gal

# AVISO

## BENESTAR EN BALNEARIOS

Ponse en coñecemento do colectivo dos pensionistas do sistema da Seguridade Social, maiores de 55 anos, que se inicia o prazo para solicitar participar no Programa Benestar en **Balnearios da Xunta de Galicia**.

Cada quenda terá unha duración de 10 días e 9 noites.

Os requisitos para poder solicitar son:

- Ser maior de 60 anos ou pensionista maior de 55.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e atoparse en condicións de participar no Programa.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu ou da súa cónxuxe, parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, ou calquera outra persoa coa que desexe participar no programa, sempre que cumpra os requisitos excepto o da idade.

Tamén poderán participar, en calidade de acompañantes os fillos ou fillas das persoas solicitantes que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ó 33%, sempre e cando o poidan facer sen necesidade de apoio de terceira persoa e se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos excepto o da idade.

A **documentación** que se precisa é a seguinte:

- DNI
- Tarxeta Sanitaria
- Ingresos mensuais

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o vindeiro día **15 de xullo**. Para máis información deberán acudir ós Servizos Sociais Municipais, onde se xestionará dito trámite.

Frades 17 de xuño de 2024

O ALCALDE



Roberto Rey Martínez